



## "A arquitectura da novela pretende explicar conceptos de como se configuran as soidades contemporáneas que vivimos"

[Ana G. Liste @BelaMistura](#) 7 de xuño de 2024

<https://praza.gal/cultura/a-arquitectura-da-novela-pretende-explicar-conceptos-de-como-se-configuran-as-soidades-contemporaneas-que-vivimos>

“Se cadra todo isto non ten un propósito, pero camiñamos para descubri-lo. E iso é o que nos impulsa a seguir camiñando: buscar significado”. **Berta Dávila** (Santiago de Compostela, 1987) define así o concepto central da súa novela *A ferida imaxinaria* (Xerais, 2024) na que dúas parellas de irmás abren as súas vidas a quen le, mostrando os seus desexos, inquedanzas e frustracións á súa maneira.

### **Dirías que nesta novela está máis presente a túa ‘filosofía de vida’?**

A verdade é que creo que en todos os meus libros está a miña maneira de ver o mundo porque unha das cousas que máis me interesa na literatura, tanto cando leo como decididamente cando escribo, é esta cuestión do punto de vista: que maneira ten de observar a vida a persoa que está construíndo este artefacto, de problematizala e comunicala a outras persoas.

Non creo que haxa máis vontade disto nesta novela, pero é certo que xira arredor dunha serie de conceptos que se desenvolven en escenas e en pequenas historias destes personaxes. Non hai máis de min, pero a propia arquitectura da novela pretende explicar algúns conceptos e ideas que teñen fundamentalmente que ver con como se configuran as soidades contemporáneas que vivimos; cal é o propósito de todo isto, da literatura e do para que estamos aquí. Son preguntas que nese momento eu me estaba facendo.

### **Esta historia existía xa para sen contada mentres aínda estabas co proxecto da túa novela anterior, *Os seres queridos*? Ambos libros son moi intimistas sendo ficción.**

A narrativa que a min me interesa é a intimista, entón tampouco é unha cousa novidosa que a min me poida interesar escribir este libro, pero os tempos de escrita son cousas bastante elásticas en xeral. As novelas non nacen un día concreto que unha marca no calendario, aínda que si a vontade de escribilas. Hai cousas deste libro que estaban xa, en forma dalgunha nota,

moito atrás. É certo que se trata dun libro bastante vinculado a *Os seres queridos*, pero non tanto ao proxecto en si, máis ben á súa recepción. Empecei a concibir, ou estruturar, esta novela máis ou menos en novembro do 2021 á volta do verán e rematara de escribir *Os seres queridos* na primavera anterior.

Os tempos da escrita e da publicación sempre son moi distintos e existe un lapso aí no que estás 'entre libros', escribindo e non, ou un pouco perdida, como me atopo agora mesmo. Xurdiu esta historia dos peixes e da ficción e da imaxinación que articulei nun primeiro texto para unha encarga para á que tiña pouco tempo, así que decidín escribir aquelas ideas que tiña para unha novela moi inicial. Despois, toda a recepción de *Os seres queridos* marcou moito a miña percepción sobre como me estaba relacionando coa literatura, e iso foi filtrándose no proceso de escritura deste libro.

### **Como te axudaron a escribir este libro as reaccións provocadas polo anterior?**

Máis que axudarme, que non sempre foi axuda, condicionou dalgunha maneira que eu estivese durante o primeiro estadio de escritura deste libro pensando continuamente en cal era a miña maneira de relacionarme coa literatura e coa lectura dos meus libros, en como eran lidos os meus libros, dende que punto eu articulaba eses libros e como se confrontaba logo coa recepción e no significado de todas esas cousas. Foron tempos nos que tiveron que responder moitas veces que significaba a autoficción para min... e nos que tamén tiveron que responder sobre cal é o espazo da imaxinación na literatura desde o meu punto de vista, que sempre está na linguaxe. De aí xurdiron algunhas ideas que articulan este libro.

### **Visto desde agora, queres rebelarte contra a maneira na que se le a túa literatura ou estás a gusto?**

Nin unha cousa nin a outra. Eu creo moi pouco en que haxa que tomar unha postura ou a contraria. Sei como leo os meus libros e como os le outra xente, e as lecturas non son monolíticas tampouco. Para min este libro non era un 'escapar' do que fixera antes, ao contrario, é unha especie de ensaio doutras fórmulas arredor das que acabei confirmando algunhas ideas que eu tiña a respecto do que me interesa a min do que fixen ata agora. Sempre é estimulante, e con esta novela en especial, escoitar lecturas alleas que non teñen que coincidir coa propia, pero que iso non significa que sexan lecturas equivocadas e que en xeral me serviron para ser consciente do libro que escribín. Para ben e para mal, eses primeiros meses devolvéronme a idea de que escribín o libro que quería.

### **E na túa vida persoal este proceso de escrita axudouche a responderte a pregunta de que facemos aquí? Na nota que acompaña o libro das conta da importancia das persoas da túa contorna mentres escribes.**

A miña relación coas persoas que me rodean está sempre vinculada ao feito de que escribo, como creo que pasa coas relacións de calquera en relación co que fai. Esa influencia das persoas que che rodean na escrita é inevitable, e creo que para ben; confío moito en deixar que os procesos de escrita se interfiran.

### **Moi ao contrario da imaxe da artista que se pecha nun lugar para crear.**

A ver, un pouco diso hai, pero é máis un mito do xenio solitario contra o mundo. Por un lado ten unhas raíces interesadas, pero por outro hai un feito central: xeralmente dúas persoas non poden construír unha frase a un tempo cos seus cerebros conectados. Hai parte do proceso de escribir que si é introspectiva e illante. O que pasa é que ti, como persoa que escribe, podes ser

horizontal con ese proceso e deixarte interferir tanto polas amizades como polas outras voces que están na túa vida, porque a literatura non só vive da literatura. Creo que eu xa chego aos libros cos conceptos que quero contar moi problematizados e explicados e logo intento desenvolveselos, pero evidentemente para chegar aí houbo un proceso vital.

**Neste momento xa sabes que hai un público que agarda polas túas novelas, iso faiche sentir presión á hora de escribir?**

Para nada, iso estímúlame. É moi valioso, sobre todo cando son públicos pequenos. Para min saber que hai xente concreta que me le e que eu non coñezo é algo moi valioso porque escribimos para que nos lean, e escribimos para contarlle algo a alguén. Eu creo que a literatura en xeral está sempre conectada co tempo que vivimos, o que pasa é que non ten que falar con *hashtags* (cancelos). Quero dicir, que ás veces unha novela que non preme nos titulares do tempo que vivimos está falando desde outro lugar dese mesmo tempo, e o está facendo doutra maneira. Eu non creo que sexa preciso evidenciar todo o que escribes para que teña un correlato.

**De feito, unha das protagonistas de A ferida imaxinaria recorre á reclusión voluntaria na súa casa –dalgunha maneira– ante a súa dificultade para relacionarse cos códigos actuais, que é algo que cada vez está máis presente.**

Todas as historias teñen algo que ver con algo que me interesa moito que é o papel que teñen todas estas tecnoloxías medio *vintage*: como os foros de internet, as mensaxes entre unha tarotista e unha descoñecida, esa dobre identidade que permite a rede, os maratóns de series... Todo forma parte dunha maneira de relacionarse coa tecnoloxía que para min é algo xeracional, é esa vivencia da tecnoloxía para os que se nos presentou nun momento da vida, que lembramos como antes non existía. Ese momento no que nas noticias de Antena 3 falaban cada tres días sobre os perigos de internet.

Resultábame moi interesante escribir sobre esas tecnoloxías desde un mundo no que nos decatamos de que non eran tan perigosas como son agora, coas intelixencias artificiais e a dependencia que temos delas. Penso no Tamagotchi, que era o xoguete desexado da miña xeración, ou o Furby. E logo están esas burbullas de soidade que teñen todas estas personaxes, que no fondo están buscando desesperadamente algún tipo de encontro, que case nunca se concreta ou que se concreta de maneiras imprevisibles, que penso que ten moito que ver coa miña percepción do tempo actual, e incluso do tempo post-pandemia. Por exemplo, eses encontros dixitais que en teoría naceron para conectarnos e perduraron, pero tamén deveñen en soidades analóxicas simultáneas. Todo isto está na novela, pero non de maneira explícita.

**Cun remate de novela optimista, ademais.**

Ten ese final que, a min gústame, pero pode parecer un pouco *cursi*: esa idea de brindar pola vida que mereces. Que xa é moito, é moito saber que mereces outra vida. Isto é algo que pasa en moitos dos meus libros, cando escribín *Os seres queridos*, durante moito tempo quixen que rematara coa palabra 'confeti', e así termina. Eu sabía cales eran as frases finais deste libro, e creo que son un pouco *cursis* dentro de que non é cínico, pero si un pouco máis irónico que o anterior. Quería camiñar cara a ese brinde nunha cidade estranxeira dese personaxe totalmente desnortado.

**Como autora, como ves este momento do sistema literario galego?**

Sempre é complicado responder a esta pregunta porque o sistema literario galego creo que en todos os momentos está atravesado polas mesmas cuestións: determinadas eivas da industria

cultural galega, todo o relacionado coas políticas de apoio e o que ten que ver coa propia creación. En xeral, eu non penso moito no de fóra –e digo isto con total sinceridade– cando estou escribindo. O que non quere dicir que non sexa consciente de que existe. Tamén me fatiga un pouco tanto a celebración atolondrada de todo como un cinismo un pouco dócil que é xustamente a mesma postura pero de signo contrario. Creo que temos unha literatura que a min me interesa e que é valiosa, aínda que evidentemente non todo o é.

O único que diría é que cumpriría observar en que medida esas dúas posturas –que parece que o campo deste tipo de preguntas é que escollas unha delas– contan con espazos intermedios nos que estamos moita xente traballando e facendo cousas que merecen unha atención fóra dese tipo de marcos. Ademais, considero que a celebración atolondrada e ese cinismo un pouco manso son unhas posturas, que por unha razón e pola contraria, interésanlle precisamente aos poderes fácticos e políticos que non traballan activamente para que as industrias culturais galegas poidan avanzar cara a outros lugares. E as dúas son satisfactorias tanto para alimentar os clichés e os estereotipos que nos sitúan en sitios onde non queremos estar, como para que non se faga nada máis.

**Dicías que agora estás un pouco perdida, nun momento entre libros. Como é ese estar perdida?**

Rematei *A ferida imaxinaria* na primavera pasada e ese tempo ata aquí é sempre como moi fráxil porque é o estadio da escritura no que cada día hai un problema máis que non sabes como atender e no que pensas que non conseguirás rematar outro libro nunca máis. Estou desexando entrar na seguinte fase, que é a de absoluto namoramento, que para min é a parte gozosa da escritura, pero neste momento preciso momento penso que nunca chegará. É parte do xogo. Escribir novelas e ler novelas é das cousas boas que se poden facer na vida e eu entro agora nunha etapa de enfocar o que quero contar, porque iso me dará a forma para que comece o namoramento. A ver se me chega este verán...